

1) Completa coas palabras que corresponden ás seguintes definicións:

O _____ é un líquido transparente de cor amarela clara no que flotan as células sanguíneas.

Os _____ son células con forma de disco esmagado na parte central, sen núcleo.

A anemia consiste nunha diminución do número de _____ do sangue.

Existen tres tipos de leucocitos con aspectos e funcións distintas: granulocitos, _____ e monocitos.

As plaquetas encárganse de _____ o sangue cando se produce a _____ do vaso sanguíneo.

O plasma está composto por un 90% de auga e un 7% de proteínas das que as máis importantes son o _____ relacionado coa coagulación e os _____.

O aparato circulatorio é o encargado de facer chegar os nutrientes e o osíxeno a todas as células e de recoller as _____ que estas producen e conducilas aos _____ encargados da súa eliminación.

Os glóbulos brancos son capaces de atravesar as paredes dos _____ para dirixirse ás zonas do corpo onde se produciu unha infección.

2) Define: válvula tricúspide, aurícula dereita, ventrículo, sístole, diástole, veas, arteríolas, capilares, vénulas e válvulas sigmoideas.

3) ¿Cómo se forma a linfa? ¿Cales son os conductos linfáticos principais? Defíneos. ¿Para que serve o sistema linfático?

4) ¿Cómo se forma a urina?

5) Que son a cistite, as pedras no ril e a insuficiencia renal? Defíneas.

6) ¿Cales son as células do tecido nervioso? ¿Qué función desempeñan?

7) Que é unha neurona? Cita as súas partes e defíneas.

8) ¿Cómo funciona o sistema nervioso? Explica os saltos do impulso nervioso.

9) Que son os actos reflexos? Cita 3 exemplos.

10) Define sistema nervioso autónomo (cómo funciona, por que componentes está formado...)